

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (AGE), a través do seu voceiro e a iniciativa dos seus deputados **Juan M. Fajardo Recouso e Ramón Vázquez Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de Motivos:

A Consellería de Educación ven de adoptar unha decisión claramente discriminatoria en materia de Formación para a provincia de Ourense, que ademais supón deixar sen alternativa de formación a numerosos alumnos que xa teñen iniciado a súa formación modular en materias como Atención de persoas en situación de dependencia e que non poderán rematar uns estudos xa iniciados.

Esta decisión de eliminar o ciclo modular da citada rama ou recortar os ciclos de Educación Infantil e administración e finanzas, van contra a suposta intención do goberno de facilitar itinerarios formativos ás persoas desempregadas, xa que son precisamente estes sistemas modulares os que permiten incrementar a formación e continuar na procura de traballo, ou compatibilizar co emprego eventual que, recordemos é o único que se crea no país.

Un exemplo máis dos contínuos recortes en educación iniciados pola Xunta de Galicia, que empobrecen a nosa poboación e son contrarios a mellora das posibilidades de emprego dos galegos e galegas.

Máis grave é a supresión do sistema modular para adultos do ciclo de atención a persoas con dependencia, precisamente na provincia máis envellecida do Estado, o cal supón un erro e unha decisión irracional tanto en materia de atención como de nicho de emprego.

Polo exposto formulamos a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en **Pleno**.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a proceder de forma inmediata a repoñer os módulos eliminados no instituto Portovello de Ourense tanto en Atención a Persoas en Situación de Dependencia como os ciclos de educación Infantil e Administración e Finanzas.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2015.

Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso

Ramón Vázquez Díaz

Deputados do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 08/07/2015 13:16:32

Ramón Vázquez Díaz na data 08/07/2015 13:16:41

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 08/07/2015 13:16:48